

## PRIMEIRO DA ESO.

Ola rapaces! Como estades? Espero e desexo que todos estedes ben. Mándovos unha gran aperta con todo o meu cariño e o meu ánimo .**Bótovos de menos !!!!** Xa falta menos para reencontrarnos.

A continuación , propóñovos unha serie de actividades coa confianza que vos resulten interesantes e permítanvos pasar un rato entretidos, adquirindo algúns coñecementos e descubrindo algunhas curiosidades.

TAREFA 3ª SEMANA 30-3-2020.

### O RELEVO DOS CONTINENTES

1. Intenta clasificar os seguintes accidentes xeográficos. Amazonas, Himalaia, Kalahari, Rochosas, Siberia Central, altiplano peruano, Atlas, Apalaches.

CONTINENTE	SISTEMA MONTAÑOSO	MESETA	CHAIRA
Asia			
América			
África			

### AS MONTAÑAS MÁIS ALTAS DO MUNDO

Imos a intentar elaborar un gráfico coas principais alturas de Europa, Asia, África, Oceanía e América. Para isto, debes realizar as seguintes actividades:

1. Coa axuda dun atlas, localiza os dez picos máis altos de cada continente. Por exemplo, en América do Sur cabe destacar o Aconcagua e o Ojos del Salado.
2. Consigue un papel cuadriculado co que vas realizar o gráfico.
3. No seu eixe vertical, establece dezaoito divisións. Partindo do 0, numera cada división ou marca de 500 en 500 m (así alcanzarás ata os 9 000 m).

4. O eixe horizontal dividíralo en dez partes correspondentes aos dez picos.
5. Mediante barras e sobre o eixe horizontal, representa os distintos picos seguindo unha orde de maior a menor. Indica o seu nome e outórgalle un número do 1 ao 10, onde o 1 sexa o pico máis alto e o 10 o máis baixo.
6. Nun mapa mudo como o desta páxina, debuxa un pequeno triángulo onde se localice cada pico. Escribe xunto a el o número do gráfico que lle corresponda. Colorea os países que contén con algúns dos picos que atopaches e escribe o seu nome.
7. Podes enriquecer a actividade conseguindo fotografías das distintas alturas consignadas.



